

Plano


GALEGO



BENVIDOS AO MUSEO DO PRADO

Para facilitar a orientación polas máis de cen salas e galerías que compoñen a exposición permanente da colección do museo, este plano recolle a localización dos principais artistas e dunha pequena selección de pezas destacadas. O percorrido por elas propónse como un primeiro achegamento ao extenso conxunto exposto na actualidade, que se achega ás 1800 obras.


PLANTAS -1 E 0



BRUEGHEL
O triunfo da Morte
Sala 55A



PATINIR
O paso da lagoa Estixia
Sala 55A



O BOSCO
O xardín das delicias
Sala 56A




HANS MEMLING
Tríptico da Adoración dos Magos
Sala 58A



VAN DER WEYDEN
O Descendemento
Sala 58



DURERO
Autorretrato
Sala 55B



FRA ANGELICO
A Anunciación
Sala 56B



ANTONELLO DA MESSINA
Cristo morto, sostido por un anxo
Sala 58



MANTEGNA
O Tránsito da Virxe
Sala 56B



RAFAEL
O Cardeal
Sala 49



BERMEJO
Santo Domingo de Silos entronizado como bispo
Sala 51A




GISBERT
Fusilamento de Torrijos e os seus compañeiros
Sala 75



GOYA
O tres de maio de 1808 en Madrid ou "As execucións"
Sala 64



ROSALES
Isabel a Católica
Sala 61B




SOROLLA
Nenos na praia
Sala 60A




ANÓNIMO
Orestes e Píldes ou Grupo de San Ildefonso
Sala 71


PLANTA 1




TIZIANO
A bacanal dos andrios
Sala 42



LORRAIN
O embarco de Santa Paula Romana
Sala 2



POUSSIN
O Parnaso
Sala 3



CARAVAGGIO
David vencedor de Goliat
Sala 7A



ZURBARÁN
Bodegón con cacharros
Sala 10A



RIBERA
Isaac e Xacob
Sala 9



O GRECO
O cabaleiro da man no peito
Sala 8B



TINTORETTO
O Lavatorio
Sala 25



LEONE E POMPEO LEONI
O rei Filipe II
Sala 27



VELÁZQUEZ
As meninas
Sala 12



MURILLO
A Inmaculada Concepción 'dos Venerables'
Sala 16



VAN DYCK
Sir Endymion Porter e Anton van Dyck
Sala 16B



RUBENS
As tres Grazas
Sala 29



GOYA
A familia de Carlos IV
Sala 32




GOYA
La maja desnuda
Sala 38



TIEPOLO
Immaculada Concepción
Sala 23

PLANTA 2



GOYA

A eira ou O verán


Sala 85



REMBRANDT

Xudit no banquete de Holofernes

Sala 76



JAN BRUEGHEL I RUBENS

Os Sentidos: A Vista


Sala 83



CLARA PEETERS

*Bodegón con gabián, aves,
porcelana e cunchas*

Sala 82



ANÓNIMO / TESOURO DO DELFÍN

*Copa con serea
de ouro*

Sala 79B

A orixe deste patrimonio de extraordinario valor e calidade remóntase aos monarcas españois dos séculos XVI e XVII. A súa paixón coleccionista e os seus gustos persoais fixeron que a finais do século XVII a mellor colección real de Europa fose a española.

O eixo sobre o que se constrúe esta colección e sobre o que se organiza a súa presentación no museo é a pintura de tradición colorista: seguindo o exemplo de Tiziano, desenvolvérona grandes figuras como os venecianos Tintoretto e Veronés, pero tamén o Greco ou os flamengos Rubens e Anton van Dyck.

Esta tradición ten un extraordinario representante en Velázquez, cuxa obra ocupa de forma moi significativa o centro do museo e dá testemuño, xunto a nomes como Ribera, Zurbarán ou Murillo, do momento de grande esplendor que o século XVII constituíu para as artes en España. A rica escola pictórica que representan esténdese até o século XVIII, con artistas como Louis-Michel van Loo, Corrado Giaquinto ou os Tiepolo, e culmina, no tránsito ao século XIX, coa figura de Goya, cuxa transcendencia excede o ámbito artístico e de quen o Prado posúe o maior e mellor conxunto de obras.

O museo tamén amosa outras escolas e outros pintores, incorporados en distintos momentos á Colección Real ou chegados a ela como consecuencia dos avatares da historia e da evolución da sociedade española, dos que o Prado é fiel reflexo. Así, as obras de Van der Weyden ou do Bosco representan a achega da pintura flamenga; as de Poussin ou de Claude Lorrain, da francesa; e as de Dürer fano do xenio alemán. Rafael, Parmigianino ou Correggio amósanse como os mellores exemplos da tradición non veneciana do Renacemento italiano e Caravaggio, Guido Reni ou Artemisia Gentileschi, como figuras senlleiras do século XVII. Xunto aos novos gustos do XVIII, representados por Boucher ou Mengs, a diversidade de tendencias do convulso século XIX español vémolaa a través dos seus artistas máis destacados: Federico de Madrazo, Eduardo Rosales, Mariano Fortuny, Joaquín Sorolla...

A colección do museo comprende, así mesmo, un valioso conxunto escultórico que percorre o mundo clásico, con obras de excepcional categoría, e que abrangue tamén do século XVI ao XIX, con mostras de diferentes estilos e xéneros, entre as que hai que destacar os retratos rexios dos Leoni.

Da excelente colección de artes decorativas sobresaee, sen dúbida, o Tesouro do Delfín, así como as mesas e as consolas de pedras duras dos séculos XVII e XVIII expostas en diversas salas.

En 1819 abre as súas portas como Museo Real de Pinturas un dos primeiros edificios ideados dende o seu inicio para albergar un museo: o deseñado polo arquitecto neoclásico Juan de Villanueva a finais do século XVIII para dar cabida ao Gabinete de Historia Natural. Dende entón remodelouse e ampliouse en sucesivas ocasións para acoller unha colección en constante aumento e para dar resposta aos novos usos e servizos que foron conformando o que é o actual Campus do Museo Nacional do Prado.

As salas do museo foron e serán fonte de inspiración para artistas, escritores e estudosos. Xunto a elas, a variada oferta de servizos e as actividades programadas nas súas instalacións proporcionan unha experiencia única de goce ante un patrimonio de recoñecido valor universal.

INFORMACIÓN

HORARIO

De luns a sábado:
10.00 – 20.00 h

Domingos e festivos:
10.00 – 19.00 h

6 de xaneiro e 24 e 31 de decembro:
10.00 – 14.00 h

Acceso ata 30 minutos antes do peche. Desaloxamento das salas 10 minutos antes do peche

PECHADO

1 de xaneiro, 1 de maio e
25 de decembro

CAFÉ PRADO

Aberto ata 30 minutos antes do peche

AUDIOGUÍA

Colección e exposicións temporais
Venta en liña e en despacho de billetes

En caso de emerxencia, manteña a calma e siga as instrucións dos nosos empregados.

Non se permite realizar fotografías nin filmacións nas salas.



MUSEO NACIONAL DEL PRADO

Paseo del Prado s/n
28014 Madrid

INFORMACIÓN E VENDA DE ENTRADAS

www.museodelprado.es
e despacho de billetes
91 068 30 01/cav@museodelprado.es

HOXE NO MUSEO



SÍGUENOS EN



MUSEO NACIONAL
DEL **PRADO**

Co apoio de:



Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Recorde que é controlado polo Museo del Prado